



Pedro Feijóo

Pedro Feijoo (Vigo, 1975-)

Os fillos do mar (2010)



Club de lectura, Biblioteca Ágora

Pedro Feijoo (Vigo, 1975-)



O autor

A súa formación é filolóxica, aínda que ao longo dos últimos anos exerceu profesionalmente como músico, levando a cabo unha intensa traxectoria como produtor, compositor e membro dalgúns dos máis salientables proxectos musicais galegos.

No ano 1997 publicou o seu primeiro libro, “Cousas do «Galicia», por Castelao”, ensaio no que se explica a importante relación do autor de Rianxo co xornal vigués que dirixiu Valentín Paz-Andrade entre os anos 1922 e 1926.

No ano 2005 publicou “Viva o Fu Remol!” (Xerais), unha crónica desde a que se tenta botar unha pouca luz sobre os moitos problemas dos que adoce o panorama musical galego.

En 2011 publicou o relato «O segredo do viaduto» no libro “XII Certame Literario de relatos curtos Os Viadutos” (Xerais 2012).

Como novelista publicou “Os fillos do mar” (Xerais 2012, Premio «Arcebispo Juan de San Clemente» 2013), traducida ao castelán, “A memoria da choiva” (Xerais 2013, Premio «Arcebispo Juan de San Clemente» 2015) e “Morena, perigosa e románica” (Xerais 2015), traducida ao castelán.

Ficha do autor en Xerais

<http://www.xerais.es/autores.php?tipo=autores&id=100011857>

Club de lectura, Biblioteca Ágora

Entrevista a Pedro Feijoo, autor da novela “Os fillos do mar”

Por Xan Carballa

El País, Galicia

Vigo, 10 maio 2012

“Quero usar a ficción para reflexionar sobre a historia”

Despois de 12 anos coa maleta de músico a medio facer, xirando con Los Feliz e Lamatumbá, Pedro Feijoo irrompeu como novelista

El escritor posando en la librería Librouro / LALO R. VILLAR



Despois de 12 anos coa maleta de músico a medio facer, xirando con Los Feliz e Lamatumbá Pedro Feijoo (Vigo, 1975) irrompeu como novelista cando en 2011 foi finalista do Xerais. N’*Os fillos do mar*—libro revelación deste ano a piques de acadar a segunda edición ao mes de estar na rúa— utiliza os mecanismos das obras de intriga e aventuras, combinando a investigación histórica e o espazo urbano de Vigo para tecer unha rede que atrapa o lector.

Reúne na súa persoa os papeis de músico, produtor musical e agora escritor, ¿son estes vasos comunicantes?

Comecei na música de casualidade. Son filólogo e por diversas carambolas atopeime tocando, viaxando por todo o país e a raíz deses traballos empecei a producir música para outra xente.

Cando rematei a carreira xa estaba de xira e gravando discos. Sempre fun atendendo diversos fronts e agora c’*Os fillos do mar* funcionando ben non é que vaia adicar a atención exclusiva aos libros. Son vías constantes, pero intento que ningún traballo sexa lixeiro. Igual que no estudo escollo moito con quen traballar e atendo con máis agarimo os proxectos que máis teñen que dicir, ese mesmo empeño é o que tento aplicar á literatura.

Club de lectura, Biblioteca Ágora

O rexistro dos libros que publicou é moi dispar. Estreouse cun estudo da presenza de Castelao no xornal Galicia de Valentín Paz-Andrade.

Aquel primeiro libro responde a unha investigación universitaria promovida polo catedrático Xesús Alonso Montero. A min atraeume sempre a figura de Castelao e grazas ao meu avó, o xornalista Manuel de la Fuente, púxenme no carreiro de Valentín Paz-Andrade, ao que coñecía das tertulias na Cafetería Goya, ás que de neno me levaba o avó. E sabía do seu libro de poemas *Pranto Matricial*. Pero foi escribindo este traballo, que despois publicou Díaz Pardo, cando coñecín a importancia do que representou no seu tempo o xornal *Galicia* e en concreto o seu director.

Despois editou ¡Viva o Fu Remol! (Xerais 2005), unha excursión intensa para compartir a súa experiencia na música, os anos en Los Feliz e Lamatumbá.

Hoxe as cousas están en baixada, porque a crise chega a todas partes, pero en Vigo formar un grupo musical foi case, e aínda é, o *hobby* principal da xuventude. Se non toca alguén na túa casa seguro que tes amigos que están tocando. Cando o escribín acababa de deixar Los Feliz, que estaba nas listas de venta e se movía por concertos en toda España, e entraba en Lamatumbá. Estas experiencias fixéronme pasar por todas as estacións e pensei que un libro podía contar a miña aprendizaxe, con cousas boas e malas, polas que todos os grupos habían pasar. O curioso é que só en cinco anos houbo moitas mudanzas na vida dos músicos, e máis que escribir unha segunda parte do libro habería que transformar a mentalidade da xente. Fíxate que nos últimos días meus en Lamatumbá, aínda se me achegou unha veciña que me coñecía de neno e díxome, “pero, ti aínda es músico ou xa traballas?”.

Ao remate de ¡Viva o Fu Remol! reivindicábase como home da cultura punk, entendida como unha postura ante a vida.

É unha actitude que asumo, e quizais só eu entendo o que quero dicir. Non me refiro a levar unha crista nin esa estética asociada. Da maneira en que eu o penso, Mozart era punk. Deféndoo como a idea de sacar adiante, contra todo obstáculo, aquilo no que cres, e se é preciso facelo por ti mesmo. Romper coa norma do ten-que-ser-así e pelexar polas miñas propias conviccións, polas miñas crenzas, sexan musicais ou literarias.

A crítica fala d’Os fillos do mar como un esforzo por escribir un libro que atrape os lectores cos engados dos libros de grande venda, pero con claves propias. Cal foi o seu punto de partida?

Non vai descamiñada a idea de falar de *best-seller*, pero máis como xogo que pensando no mercado. Pensei que aquí podería facerse un tipo de novela que teñen outras literaturas, cunha parte histórica, un ritmo rápido, con intriga... pero usando a riqueza dos elementos propios do país. Quizais sexa deformación de filólogo, pero eu preciso ter os elementos enriba da mesa antes de escribir: tiña a historia sempre misteriosa do ouro dos galeóns de Rande, a memoria dos anos da guerra e a posguerra, a idea dun protagonista que fose un

antiheroe e tamén o espazo xeográfico de Vigo. Despois de ler con tantas gañas historias doutros apetecíame que fosen pezas galegas as que se ensamblasen e é por iso que escribín *Os fillos do mar*. Dame medo resultar frívolo nesta formulación, pero creo que é o temos que facer.

Aínda así reclámase un certo rigor histórico máis alá das licencias da ficción.

A realidade da nosa historia supera con moito a ficción do que podemos recrear os escritores, pero todo o que sae no libro referido, por exemplo, á batalla de Rande no 1702, foi rigorosamente documentado. O traballo previo de investigación fíxome ver as carencias que temos, porque aquel foi un momento fundamental para a implantación dos Borbóns e está menos estudado do que debía. Apoiarse na historia real axuda ao novelista, pero se hai tantas lagoas de coñecemento queda o campo libre á imaxinación. Para o novelista é bo, pero é unha faena para o cidadán, porque rematamos por non saber da historia propia.

Recobra tamén datos sobre o tempo da posguerra pouco explotados na literatura nosa, como as fugas organizadas ao exilio.

A intención miña é chamar a atención sobre a realidade histórica a través do seu uso na ficción. Cando desmiúzo as pezas do libro teño medo a caer na frivolidade, pero defendo a recuperación da novela de entretemento e a miña intención de fondo é falar de algo que foi real. Quero que o lector o pase ben, pero ao chegar á derradeira páxina se sinta parte desa historia que tamén é a súa, que explica quen somos agora. A fuxida da xente era para sobrevivir, porque senón marchaban matábanos. Non é que queira descubrir as dores da guerra, pero hai que asegurarse de que non se vai esquecer. E iso tamén vale para a batalla de Rande, porque somos un pobo moi esquecedizo, e as cousas pasaron e hai que saber delas. Dígolle ao lector: pasáchelo ben, pero agora xa non ignoras a historia dos teus.

É tamén unha novela na que a cidade de Vigo acada un grande protagonismo.

Hai xa un fato de novelas con este espazo urbano. Entre outras que me veñen á cabeza *Antón e os inocentes* de Ferrín, *Amor de Tango* de María Xosé Queizán ou varias de Cid Cabido... Escribín sobre Vigo porque é a miña cidade. Sempre admiraba as novelas de Eduardo Mendoza, que me fixeron coñecer e entender Barcelona doutra maneira, ou o cine de Woody Allen con Nova York como pano de fondo. Por iso creo que as obras teñen máis forza se as vinculas ás súas cidades. A historia que conto é universal, pero pasou en Vigo, e gústame recrear as rúas ou as construcións do arquitecto Michel Pacewicz que durante moitos anos foi unha lenda ou o Vigo de primeiro de século ou o modernista. Isto tamén é historia e só hai que saír á rúa, observar e collelo.

Pedro Feijóo, escritor: "A finalidade desta novela é abrírnos de novo á nosa propia historia"

Por Raquel Feijoo

Tempo de Lecer [diario dixital], Ourense

28 maio 2012

A obra está escrita nunha linguaxe "fácil, directa e coloquial" co obxectivo de 'enganchar' ao lector



Pedro Feijóo (Vigo, 1975) foi baixista dos grupos Los Feliz e Lamatumbá e o seu primeiro contacto co mundo da literatura foi no ano 1997, aínda que daquela dáballo ao ensaio. Agora, o músico e escritor vén de publicar a súa primeira novela, unha obra titulada "Os fillos do mar" e que está a ter unha moi boa aceptación entre o público. Falamos con Pedro Feijóo sobre este libro e sobre o seu protagonista, un arquitecto chamado Simón Varela ao que o seu autor define como "un personaxe entrañable, un valente despistado, un amante abandonado, unha persoa normal e corrente á que de verdade me gustaría atopar pola rúa para darlle a aperta que se merece". Falamos tamén con el da trama e do lugar no que esta se desenvolve, Vigo, "unha cidade chea de historias por contar".

"Eu nunca fun un tipo deses populares, deses que son o centro de atención, a alma da festa, xa sabedes. Pero tampouco era ningún becho raro". Así fala Simón Varela, o protagonista da novela. Que nos pode contar deste personaxe?

Club de lectura, Biblioteca Ágora

Simón está a ser a verdadeira revelación do momento. Unha auténtica sorpresa, non só para os lectores, senón xa para min mesmo. Simón é un personaxe entrañable, un valente despistado, un amante abandonado, unha persoa normal e corrente á que de verdade me gustaría atopar pola rúa para darlle a aperta que se merece. Simón é, para min, o antiheroe definitivo.

Hai algún trazo autobiográfico nel?

Malpocado! Supoño que o pobre herdou de min todo canto eu teño de desastre, unha vida caótica e toda unha colección de emocións desordenadas até o paroxismo. De calquera xeito, cómpre remarcar que, para sorte súa, Simón é infinitamente máis valente ca min, aínda que el non o saiba, e por descontado moito mellor persoa có seu creador, onde vai parar...

Que nos pode adiantar da trama?

Ben, se che digo a verdade, gústame moito este xogo de ambigüidade que se está a xerar arredor da novela. Todo o mundo está a falar dela, cada vez son máis as voces que a recomendan, pero sen desvelar sen embargo practicamente nada da trama, pouco máis alá da cuestión dun arquitecto mediocre envolto nunha trama cos galeóns de Rande como fondo... Así que eu tampouco vou contar demasiado, nada máis alá de que se trata da historia de dúas persoas á procura da súa propia identidade, e mais de dúas moedas que non están onde nos dixeron que tiñan que estar, que era, en palabras do vello Neumann, “durmindo o sono dos xustos nalgures no fondo do océano Atlántico”, e sen embargo...

O espazo da novela é o Vigo de hoxe. Quizais por ser o lugar que máis coñece?

Non é que sexa o lugar que máis coñezo. Eu tiven a sorte de poder viaxar moito, de vivir en varias cidades. O que sucede con Vigo é que ela é a miña cidade. Eu creo firmemente neses elos especiais que xorden cando un autor dá co seu propio espazo creativo. Estou pensando na Barcelona de Eduardo Mendoza, no Nova York de Woody Allen, ou no Oregón do meu bo amigo Diego Ameixeiras. Gustaríame moito poder establecer coa miña cidade unha relación dese tipo, máis aínda se temos en conta que Vigo é unha cidade chea de historias por contar, onde cada esquina garda un segredo á espera de ser descuberto...

Ademais de ficción, na novela hai retazos históricos como por exemplo a batalla de Rande. Que papel xogan estas pezas de carácter histórico na construción da trama central da obra?

Ben, é que esa é a verdadeira finalidade da novela, abrírnos de novo á nosa propia historia. Tal vez sexa certo que o meu discurso, o que podedes atopar en *Os fillos do mar*, sexa o do entretemento. De acordo, pero a miña bandeira non é esa, senón a da memoria. Boa parte do que conto sucedeu realmente, é parte da nosa propia historia, e como tal é noso,

pertécenos. Todo iso forma parte dunha nosa historia á que non debésemos seguir dándolle as costas.

Asegura que non se considera un escritor de carreira e, sen embargo, esta súa primeira novela está a ser moi ben aceptada polos lectores. A que atribúe esta boa sintonía que ten xa co público?

Supoño que se debe a que a miña postura é franca desde a primeira páxina. Deixo ben claro que eu voules falar das cousas que coñecen. Eu non falo das augas cristalinas do Pacífico Sur, senón das augas das nosas rías, igualmente cristalinas. E para elo emprego unha linguaxe fácil, asequible, rápida e directa. Ofrézovos un conto de catrocentas páxinas, sí, pero sen obrigavros a ir ao diccionario cada tres follas. A min non me interesa escribir “A Grande Novela do Século XXI”, senón “As Pequenas Cousas de Cada Día”. E aí é onde conectamos os lectores e mais eu, que á fin e ao cabo non son máis ca un deles: un lector metido a escritor...

Os lectores aseguran que este libro “engancha de principio a fin” e subliñan del a súa facilidade de lectura. Empregou algúnsamaños literarios para conseguir isto ou foi algo non buscado por vostede?

Ben, non sei se se lle pode chamar *amaños...*, pero o certo é que a miña intención era esa, si. Atraparte, e facelo descaradamente. Como che dicía antes, vouche contar un conto de catrocentas páxinas, e necesito manter a túa atención ao longo de todas e cada unha delas. Para iso recorro a unha linguaxe fácil, directa, coloquial... E sobre todo a personaxes como Simón, ese tipo de persoa coa que mañá mesmo podes cruzar pola rúa case sen te dar conta. Voces coas que calquera lector se poida identificar. Supoño que eu falo cos lectores “de ti a ti”, e iso é algo que eles agradecen.

No camiño de todo escritor sempre hai autores que, dun ou doutro xeito, inflúen na súa escrita e tamén na súa maneira de contar. Cales son os seus?

Ten en conta que eu, como moitos da miña xeración, son froito dunha cultura mestiza, pop, dun cruce de camiños onde non só concorre a literatura, senón moitas outras disciplinas. Eu mamei moito do cine cómico pero intelixentísimo de Woody Allen, do humor absurdo de Groucho e Harpo Marx, da música rápida e directa dos Ramones, e das bandas sonoras de melodías pegadizas de Henry Mancini e Nino Rota. Bebo nos textos de Eduardo Mendoza, de Jardiel Poncela, e aínda me parto de risa co Quixote. Pero se en Galiza hai un autor ao que lle debo boa parte do que son, literariamente falando, ese é, sen ningún tipo de dúbida, Suso de Toro. Sen o camiño por el aberto, nin eu nin moitos compañeiros meus seríamos hoxe nada do que somos.

Empezou publicando no ano 1997, cando estaba na facultade, un ensaio sobre o Diario de Galicia, o xornal que dirixía Valentín Paz Andrade. O seguinte ensaio chegou no ano 2006, "Viva o Fu Remol!", sobre o mundo da música. Hai moita diferenza entre escribir un ensaio e unha novela? Cal é máis gratificante? Cal ten máis dificultade?

Diferenzas haichas todas. Porque mentres nun ensaio tes que te cinguir o máis posible aos feitos, a esa cousa estraña que chamamos realidade, nunha novela tes todo un mundo novo por crear, un mundo que pode ser moi parecido á realidade, ou todo o contrario. Como a vida mesma, vamos... Non sabería dicirche cal ten máis dificultade, pero desde logo máis gratificante é a novela, sen dúbida, xa que, a maiores do pracer de dar vida, de crear novos mundos, a relación que estableces co lector é infinitamente máis pracenteira, máis liberadora, no eido da novela.

Foi baixista dos grupos Los Feliz e Lamatumbá. Por que deixou o mundo da música? Como acabou embarcado no mundo literario?

Deixeiño porque, logo de doce anos coa maleta sempre a medio desfacer, apetecíame poder recuperar un pouco o espazo perdido, volver ter tempo para min mesmo. A vida de músico é moi bonita, si. Pero as facturas que tes que pagar teñen un custo emocional altísimo. Sobre todo no final de Lamatumbá. Chegamos a un punto no que para sacar unha idea adiante tiñamos que loitar máis contra nós mesmos que contra o mundo. E iso é moi duro. Acabei entrando no mundo literario porque a paz que tes neste espazo -máis solitario, si, pero tamén máis tranquilo e silencioso- non ten prezo se o comparas cos berros do mundo musical, cheo de ruído, de demasiadas voces falando ao mesmo tempo...

As cordas do baixo e as teclas do ordenador, gardan algunha similitude á hora da creación artística?

Si, claro. Supoño que o verdadeiramente importante é ter algo que dicir, algo que contar. Levar algo no corazón que bula por saír ao mundo, por chegar ao outro, a ti. O resto, xa sexa un instrumento musical, unha folla en branco, un lenzo sobre un cabalete, non é máis ca a canle que ti empregas para transmitir a túa mensaxe.



Seica está xa a traballar na súa segunda novela. Pódenos adiantar algo deste novo libro?

Trátase dunha historia que xa levaba moito tempo a me rondar na cabeza. A dificultade estaba en que se trata dun texto oi complexo, que requería de moito tempo, moita concentración para poder traballar nel. Un novo amor que che esixe adicación case exclusiva! Agora, o éxito de Simón e mais Mariña regaloume a oportunidade de poder sentarme a traballar nel como merece. Trátase da historia dunha vinganza, a furia dun coitelo moi afiado entre os dentes, coa presenza dunha das nosas principais figuras literarias como pano de fondo constante.

*“Busco que nos fixemos no que temos ó lado”
Pedro Feijoo.*

Diario de Pontevedra

Domingo, 20 de mayo de 2012

Escribe María Varela

fotografía Paco Vilabarro

Mudou o ritmo frenético das xiras con Lamatumbá por toda Europa pola tranquilidade da súa casa en Gondomar. O ruído dos concertos polo silencio da rúa de Vigo desde a ventá. Co Atlántico ó horizonte, Pedro Feijoo vai enchendo cadernos, pluma en man, de pequenas grandes historias que aprendeu a descubrir a través dos ollos do seu avó. “Eu non creo moito na inspiración, penso, como dicía Picasso, que se chega, mellor que te pille traballando. Cando quero contar unha historia vou moendo, moendo, moendo... ata que sae”, di.



“Síntome coma un neno en plena mañá de Reis”, confesa Pedro Feijoo cun sorriso que traspasa ó fío do teléfono. O autor de ‘Os fillos do mar’, finalista do Premio Xerais 2011, non oculta a súa sorpresa ante a excelente acollida que está a ter a súa primeira novela, que tras só un mes na rúa xa ten a segunda edición a piques de saír do prelo. “Non esperaba que pasase isto, aínda que no fondo sempre desexas que ocorra algo así”, di o escritor que o vindeiro 24 de maio estará en Pontevedra presentando o seu libro.

Malia que xa ten outras publicacións está a vivir o fenómeno ‘Os fillos do mar’ coa ilusión dos primeirizos.

Aínda non cansou das entrevistas?

Que va! Estou contentísimo. Ti soñas con que pasen estas cousas pero sendo realista pensas que a ti non te van pasar. De neno eu pasei moitos anos desexando que os Reis me botasen o escaletric e nunca mo traían. A mañá que por fin apareceu o escaletric no salón da casa foi tremendo. Mi madriña! Pois isto é un pouco parecido así que estou disfrutando moitísimo. Ademais, ten en conta que botei oito anos en Lamatumbá, catro

Club de lectura, Biblioteca Ágora

máis tocando en Los Feliz e xa non podía máis. E logo de toda esa dinámica, de tanto movemento, de súpeto, atópaste un día na casa, con esa vertixe de ‘e agora que vai pasar’, pensando que xa rematou todo... e é como volver a empezar, como montar de novo na montaña rusa.

‘Os fillos do mar’ naceu nunha terraza de Gondomar con vistas ó mar de Vigo, as luces de Baiona e o solpor sobre ás Cíes, en metade dunha conversa coa súa muller.

Si. Gústanos moito a última hora do día, cando tes rematado todo, sentar os dous tranquilamente na terraza e comentar o día ou falar do que sexa. Non sei que libro acababa de ler eu, Marta andaba ás voltas con algo de Mendoza, e estabamos falando de ambas lecturas. Era, por unha banda ese tipo de novela masiva e pola outra, literatura galega, e comezamos a falar de mesturar as dúas ideas. Tirando do fío fomos obtendo os argumentos para facer un best-seller cunha raíz moi galega. Coa ría diante eu contáballe á miña moza, que é catalana, a historia dos galegos de Rande, e falabamos de que iso daría para un montón de libros. Cando nos decatamos tiñamos un montón de claras de limón enriba da mesa e a trama completa.

Á hora de escribir realizou tamén unha ardua tarefa de investigación sobre a historia de Vigo malia que tamén deixa un gran espazo á imaxinación non si?

A verdade é que é unha historia que xa coñecía pero cando nos metemos de cheo chamoume a atención a falta de información que hai dun momento tan importante da nosa historia. Dependendo do historiador que leas uns din que o ouro quedou no fondo, outros din que os ingleses arrasaron con todo... En realidade danche argumentos para defender calquera das dúas teorías. Pero tamén deixo moito espazo á imaxinación.

Pregúntase: “Por que nos perdemos en divagacións sobre a beleza mentres contemplamos a lúa como paifocos , e non nos decatamos da muller que dorme ó noso carón?”. Na súa novela reivindica a beleza das cousas pequenas, o cercano...

—Efectivamente. Unha das reaccións que me van chegando estes días é que me fun descaradamente a por un texto de entretemento. Eu o que pretendía facer con esta novela, e aí declárome culpable de principio a fin, é entreter e que polo camiño leves algo aprendido paracasa. A miña intención en ningún momento foi escribir a grande novela do século XXI. Penso que se nos obsesionamos moito con iso, - que é unha pandemia que temos os escritores galegos- igual nos despistamos e na procura desa grande novela perdemos as pequenas historias de cada día. A min interésame moitísimo máis isto. Parece que loce máis unha película que vemos no cine sobre as augas cristalinas do Pacífico mentres que na ría de Pontevedra hai unhas augas que xa quixeran moitos trópicos. Iso é o que busco. Non pretendo unha modelo despampanante, a miña parella é preciosa, a túa seguramente tamén. É iso o que vou buscando, que nos fixemos máis no que temos ó lado.

Que ten Simón Varela, protagonista da novela, de Pedro Feijoo?

O pobre o que ten meu é que é un desastre. Hai moitas vivencias persoais que son comúns e hai unha certa actitude que se aproxima moito. Pero teño que dicir a favor

de Simón que el é moito mellor persoa ca min e, onde vai parar, moito máis valente ca min.

A súa novela está enmarcada en Vigo, que non só é o escenario senón unha protagonista máis.

Si. Sempre hai unha serie de lectura nas que se engancha un moito máis se ó momento recoñeces o sitio. Cando consigues transmitir esa relación que hai entre o autor e a cidade a historia de súpeto gana moitísimo máis en fondura. A min pásame un pouco con Vigo, aparte de que é a miña cidade é un lugar que está cheo de historia. Pasei moitísimas horas paseando por Vigo co meu avó, o xornalista Manuel de la Fuente, que coñecía case cada pedra da cidade. Xa de neno me ía contando: “Aquí mataron a tal persoa”, “Aquí pegáronlle dous tiros a Paz-Andrade”... Lembro cando viamos os petroleiros fondeando na ría de Vigo e o meu avó que me dicía: “Iso son os espías rusos que algo andan buscando...”.

O seu avó exerceu unha grande influencia sobre vostede.

Sen dúbida. Para que te fagas unha idea o meu avó aprendeume a ler cando eu tiña pouco máis de tres anos. Débolle moitísimo da miña formación a el, pero sobre todo débolle o gusto por coñecer a historia, por buscar, escarvar e intentar recuperar a nosa memoria.

Con el coñeceu de neno a Cunqueiro, marcoulle dalgunha maneira?

Eu era moi neno, pero estaba alí sentado co meu avó e con ese outro señor que estaba ó lado. Logo ves as fotos e che din ese era Cunqueiro, ese Blanco Amor... e si te impacta.

Viviu dous anos en Pontevedra e pasou os veráns da nenez en Aldán. Ve a Pontevedra como protagonista dunha próxima novela?

Por descontado! Así a bote pronto é a cidade de Benito Soto, a ría pola que correu as súas piraterías, a Burla Negra, os piratas da Moureira, a cidade na que Castelao quería que o enterrasen logo de vivir trinta anos nela, as tertulias de Perfecto Feijóo... Por outra banda, Pontevedra aínda ten ese punto de cidade contida. Eu lémbrome de cando vivín aquí que logo de dous anos as caras empezábanme a soar. Unha cidade onde hai un contacto aínda tan constante entre a xente é un filón de historias.

Como era a súa vida á beira do Lérez?

Eu fun vivir a Pontevedra no 2003 pola razón máis linda de todas, que é por amor. Tiña una relación cunha moza de moitos anos e acabamos vivindo aquí. Teño un recordo moi bo. Vivía pola Parda. Baixabamos todos os días ó centro. Ela traballaba en Benito Corbal, recollíaa e iamos a tomar algo pola Ferrería ou pola zona vella que nos gustaba moitísimo. E lembro aquel trato de barrio, tan cercano, o churrasco do Fanal, os concertos do Teucro... De Pontevedra gardo moi bos recordos.

Antes de mergullarse nas profundidades da literatura dedicouse doce anos á música nos que percorreu quilómetros e quilómetros en furgoneta. Iso debe de dar para moitas anécdotas, non si?

En furgoneta, en barco, en tren, en avión... unha vez en remolque tirados por un tractor... Imaxínate, doce anos! Foron anos moi bonitos, unha vida moi chula, pero doce anos nos que sempre, sempre tiven a maleta a medio desfacer. Coñeces a moita xente, ves moitas cousas polo camiño pero chegou un punto no que tamén me apetecía facer un pouco de vida familiar. E... ¿anécdotas? moitas. De feito de aí saíu 'Viva o fu remol!' (Xerais, 2005). Pasoume de todo, desde quedar colgado dun balcón en Badajoz a que me apuntasen cunha pistola no peito en Burgos, facer unha carreira en bicicleta completamente espidos por Cabrera del Mar...

Tocaba o baixo en Lamatumbá, é produtor musical dos Estudos Muu! e compositor. Mudou totalmente as notas polas letras ou compaxina algo de ambas?

Ultimamente estou escribindo moitísimo máis e o traballo de estudo vouno deixando un pouco de lado. Para que te fagas unha idea os meus baixos están no estudo, por se alguén os necesita, e os outros dous gardados en casa nun estoxo desde o último concerto de Lamatumbá, que foi en febrero do 2011. Pasado mañá non sei que farei, pero mañá seguro que non vou compoñer.

Entrou no eido da literatura da man doutro nome das nosas letras, Díaz Pardo, como era a súa relación con el?

Foi outro regalo. Foi o meu primeiro editor. El sacou o primeiro libro que fi xen, que en principio ía ser un traballo para a facultade, dirixido por Alonso Montero. Debín de tocar algo que lle chamou a atención. Un día chámame e dime: "Son Díaz Pardo e quero falar contigo". Tiña 21 anos e a verdade é que para min foi unha experiencia increíble coñecelo.

Xa está traballando na súa segunda novela. Que nos pode adiantar dela?

Imaxínate, logo de empezar a funcionar o 'dos fillos' chegou Bragado e díxome: "E ti, que máis tes por aí?". Conteille unha idea que xa me rondaba desde había tempo, pero é unha historia bastante endemoniada e precisaba tempo para facela como merecía. Agora xa levo desde o verán pasado a voltas con isto, cunha trama enmarañada, cunha figura moi importante da nosa literatura como fondo.

Música e literatura aparte, que adoita facer Pedro Feijoo no tempo de lecer?

O que máis me gusta é ter tempo para min, que era o que antes non tiña. Podo escribir, podo saír, gústame moitísimo pasear cos cans a última hora do día. Viaxar con Marta... De feito, pasamos moito tempo en Barcelona. Pero sobre todo o que me gusta é ter tempo para nós e estar moi tranquilo.

Cales son as súas cidades fetiche ou os recunchos especiais onde atopa esa tranquilidade?

Encántame volver a Barcelona. É unha cidade á que lle teño moito cariño porque aínda que xa a coñecía de moito antes, de viaxes persoais, de vir cos músicos, coñecela da man de Marta foi ver outra Barcelona distinta e alí estou totalmente a gusto. Alí temos una casinha nos arredores cun mirador sobre o Mediterráneo onde me sinto moi en paz, moi a gusto.

Pecados confesables

“O rencor é como o ximnasio, non compensa”

Fixo trampa nalgunha ocasión?

En moitas. De feito, agora mesmo teño a alguén respondendo este cuestionario por min!

Levou algo que non era seu dalgún sitio ou marchou dalgún restaurante sen pagar?

E tanto! O último foi a conta da mesa do lado, que era bastante menor cá miña. E mira, dous paxaros dun tiro...

Que é o peor que fixo nun arranque de ira?

Quedar vendo para o xornalista e dicirle “outra pregunta máis coma esta, e fago que o teu pareza un accidente...”.

Que sería quen de facer por un millón de euros?

Responder a un millón de tests.

Fáiselle a boca auga cando...

Cando me meto na piscina primeiro e recordo despois que non sei nadar.

Quen ou que situacións espertan os seus desexos máis ocultos?

Responder cuestionarios deste tipo ponme a cen.

Podería vivir sen espello ou é dos que se vai mirando nos escaparates?

Ou non, para min iso non ten nada de importancia. Verdade que non, espello, espelliño máxico?

Cal é a súa tenda ou lugar preferido para sentirse culpable?

O xulgado.

A preguiza véncelle cando...

Ai, non sei, agora non... Déixame cinco minutos máis, e xa logo che contesto, si?

De que se sente máis orgulloso de si mesmo?

Dos meus principios. De feito, cheguei a ter tantos, que agora teño principio, nudo e desenlace.

Que non perdoaría nunca?

O rencor cansa moito, faiche sufrir e aínda por riba non adelgaza. Non perdoar non compensa. Igualiño có ximnasio!

Se puidese ser calquera persoa no mundo, a quen elixiría?

A calquera persoa que, ó recordola, se che debuxase un sorriso nos beizos.

Arrepíntese de...

... de pensamento, palabra, obra e omisión.

A última mentira que contou...

Home, mira que preguntarlle isto a un novelista... Non sei, que tal neste test?

Perfil

Un músico nas letras galegas

'Os fillos do mar' é o título da exitosa novela de Pedro Feijoo Barreiro (Vigo, 1975), que o vindeiro xoves presentará en Pontevedra. Trátase dunha historia trepidante, que viaxa constantemente no tempo, para atopar as claves dun presente que o protagonista, un mediocre arquitecto residente en Vigo, precisa desvelar. Unha novela de aventuras e intriga, que se desenvolve no Vigo de hoxe, cidade que en boa medida protagoniza tamén a novela. Sen embargo, este escritor que tamén foi veciño de Pontevedra estreouse nas letras en 1997 cun estudo sobre a pegada de Castelao no xornal Galicia de Valentín Paz-Andrade. Máis tarde viría 'Viva o Fu Remol!', onde relata as experiencias da súa etapa musical nas formacións Los Feliz e Lamatumbá, que deixou en febreiro de 2011. E é que, malia que súa formación é filolóxica, ó longo dos últimos doce anos exerceu profesionalmente como músico, e ten ás súas costas unha intensa traxectoria produtor musical e compositor.

Bibliotecas Municipais A Coruña



<http://www.coruna.es/bibliotecas>

Servizo Municipal de Bibliotecas de A Coruña Rúa Durán Loriga 10-1º , 15030, A Coruña Teléfono 981184384 / Fax :981184385 smb@coruna.es	
Biblioteca Municipal Ágora Rúa Ágora s/n 15010, A Coruña Teléfono 981189886 bagora@coruna.es	Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil Rúa Durán Loriga 10-Bjº , 15030, A Coruña Teléfono 98184388 / fax 981184385 binfantil@coruna.es
Biblioteca Municipal Castrillón Praza de Pablo Iglesias s/n 15009 A Coruña Teléfono 981184390 / fax 98118439 bcastrillon@coruna.es	Biblioteca Municipal Monte Alto Praza de los Abuelos s/n 15002, A Coruña Teléfono 981184382 bmontealto@coruna.es
Biblioteca Municipal de Estudos Locais Rúa Durán Loriga 10-1º , 15030, A Coruña Teléfono 981184386 / Fax :981184385 bestudiosl@coruna.es	Biblioteca Os Rosales Praza Eliptica 1-1º 15011 A Coruña Teléfono 981184389 brosales@coruna.es
Biblioteca Municipal Forum Metropolitano Rúa Río Monelos 1, 15006, A Coruña Teléfono 981184298 / fax :981184295 bforum@coruna.es	Biblioteca Municipal Sagrada Familia Rúa Antonio Pereira 1-Bj, 15007 A Coruña Teléfono 981184392 / Fax 981184393 bsagrada@coruna.es

Síguenos en Twitter y Facebook



Bibliotecas Municipais de A Coruña



Bibliotecas Municipais de A Coruña

Club de lectura, Biblioteca Ágora